


A REDE DO CENTRO: INFORMÁTICA



O que nos interesa coñecer é que os doce ordenadores conectados en rede na aula informatizada (Informática) teñen todos un nome para identificalos, que debe coincidir co número que teñen etiquetado no monitor ou na unidade central (agás algún por motivos de seguridade). Un dos equipos dentro da aula fai as veces de servidor de contidos a xeito de copia de seguridade, mentres o verdadeiro servidor está fóra da aula informatizada.



Este xeito de organización permítenos conservar a información almacenada, pois se fallara un dos equipos poderíamos descargar a información do outro que ten unha copia. Pero tamén hai que contar con que as copias de seguridade non se fan tódalas veces de xeito simultáneo polo que unha parte pequena da información podería perderse neste intervalo de tempo.



DEBEREMOS ENCENDER AO MENOS A TOTALIDADE DOS EQUIPOS CENTRAIS (10) PARA ENTRAR NOS CONTIDOS DO CENTRO NA REDE DENTRO DA AULA INFORMATIZADA. SE SÓ NECESITAMOS ACCER A INTRANET NON PRECISAMOS ENCENDELOS TODOS.

Premendo sobre o botón da unidade central e sobre a do monitor xa poderemos comezar a actividade sobre o mesmo sistema operativo común e ver na contorna de rede os cartafoles compartidos para o traballo colectivo ou en grupo.

BOLETÍN TIC nº 4

4º TRIMESTRE DE 2008 - MONOGRÁFICO SOBRE A AULA INFORMATIZADA DO CEIP. DE ARZÚA



O Centro conta cunha aula informatizada dende o ano 2001. Dende aquela o novo equipamento e a propia evolución das novas tecnoloxías da información e da comunicación fixeron mudar tanto os procedementos como os propios medios e recursos, polo que é necesario a actualización dos criterios operativos para o seu emprego sistemático como recursos normalizado dentro da nosa actividade didáctica. Este boletín quere responder as preguntas máis comúns:

- 1) **Cando podo empregala?.**
- 2) **Que debo facer antes de acudir a ela?.**
- 3) **Ao chegar como a poño operativa?.**
- 4) **Ao rematar a actividade como deixo os equipos e recursos presentes nela?.**



EXISTE UN HORARIO SEMANAL DA AULA INFORMATIZADA, EXPOSTO NO TABOLEIRO DA SALA DE MESTRES E NA PROPIA PÁXINA WEB INTERNA DO CENTRO. Podemos anotarnos nas horas non ocupadas e cando non sexan suficientes ou queiramos aumentar a súa duración poderemos coordinarnos co resto do profesorado informando ao coordinar TIC dos posibles cambios.





ANTES DE ACUDIR A ELA CO ALUMNADO DEBEREMOS CERCIORARNOS DE QUE TANTO O HARDWARE (EQUIPOS, MONITORES, PANTALLA,...) COMO O PROPIO SOFTWARE E OS RECURSOS (PROGRAMAS, CDs OU DVDs,...) FUNCIONAN CORRECTAMENTE PARA O NOSO PROPÓSITO. Se non é así debemos informar ao responsable para o mantemento, instalacións e posta en funcionamento da aula. Existe unha recompilación importante de material e recursos dispoñibles no centro (consultar tamén boletíns anteriores).



AO CHEGAR A AULA UNICAMENTE DEBEREMOS ENCENDER OS EQUIPOS E MONITORES NO CASO DE QUE NON ESTEN ACESOS, E DEBEREMOS DISTRIBUÍR AO ALUMNADO NOS SEUS RESPECTIVOS POSTOS PARA REPARTIRLLES O MATERIAL OU RECURSOS NECESARIOS.

Para acceder aos equipos informáticos da aula informatizada do centro debemos entrar como alumno ou como profesor. No primeiro caso o sinal é “**15810**” e no segundo “**arzua15810**”. Se entramos como profesor podemos mudar a configuración do equipo, mentres que se o facemos coa conta do alumno non poderemos mudala totalmente.



No escritorio do alumno atopámonos con tres tipos de iconas para o traballo na aula: un acceso directo ao menú de Clic, o logo do Explorer e un cartafol de traballo (neste caso Inglés). Estes tres tipos poden mudar ou aumentar no seu número pero están ligadas as mesmas tarefas: acceder a programas didácticos, entrar na intranet escolar (Hiparcos) ou Internet (na Web), e acceder a nosa propia organización dos contidos (por especialidades, materias, cursos, actividades...)



Premendo e cun clic de rato na icona de Clic poderemos navegar polo menú ata atopar a nosa actividade desexada. Unha vez rematada a actividade volvemos ao comezo tendo que premer novamente sobre a icona de Clic. Nalgún caso no que chegamos a unha actividade que non queriamos, ou que só queremos saír antes de rematala, ou que non ten porta de saída, debemos premer a un mesmo tempo sobre as teclas **Ctrl+Alt.+Supr** para posteriormente aceptar e pechar sobre o xe.

- | | | |
|----------------------|------------------|----------------------|
| Coñecimento do medio | Matemáticas | Actividades diversas |
| Música | Educación Física | Lingua Galega |
| Inglés | | |

Escolle área temática





Premendo na icona do navegador iremos por defecto á plataforma da intranet “**Hiparcos**” (instalada como páxina de inicio) e nela poderemos abrir entre outros o cartafol das fotografías, dos vídeos, da música, e tamén sobre “Actividades”. Neste último caso entraremos directamente nun servidor da internet con actividades “**JClic**” organizadas por materias.



Facendo dobre clic sobre o cartafol desexado poderemos entrar nel para abrir os accesos directos das aplicacións elixidas. Dependendo de cada un dos programas tardaranse en abrir máis ou menos tempo (dependendo do modelo do PC e do número de peticións simultáneas ao servidor na rede). Aínda que podemos facer os accesos directos e cartafoles que queiramos é conveniente estruturalos por materias, aulas, niveis ou actividades. Os programas e recursos que queiramos compartilos na rede deberemos facilitarllos con anterioridade aos membros e/ou coordinador do Equipo TIC.



O esforzo para o mantemento e actualización constante dos medios e recursos informáticos do Centro comporta un importante gasto económico. Nesta ocasión o Equipo Tic promoveu a renovación dos **auriculares** (dous por cada equipo), ante o deterioro sistemático dos anteriores. Esta inversión debe ir acompañada dun **novo xeito de organizar o seu emprego**, polo que **ao inicio da sesión serán proporcionados ao alumnado e unha vez rematada a sesión serán recollidos e depositados novamente no armario de entrada (a chave está na súa cuberta)**. Cada mestre será o responsable de comprobar o estado de cada un deles ao inicio e ao remate da sesión.



Sempre existe o perigo de que desaparezan , rompan ou se deterioren nalgunha ocasión os periféricos e os pequenos accesorios dos equipos. Neste sentido tamén mudáronse os ratos de bola por outros ópticos, ou pegáronse as conexión de audio no frontal dos equipos Pero a seguridade radica tanto na organización e control do alumnado por parte do mestre, coma no propio empeño e esmero no coidado, e na orde .E como non, na propia limpeza.

Nester senso debemos deixar os equipos no mesmo estado inicial da sesión (escritorio) sen programas abertos (minimizados) e coa mesma configuración (pantalla, volume,...). Antes de instalar calquera tipo de aplicación deberemos asegurarnos de que non mudará a configuración de inicio do sistema. Cando se empregue a navegación pola Internet deberemos extremar a precaución para non premer sobre os botóns de pantallas emerxentes descoñecidas ou sobre imaxes con ligazóns(emoticones de balde por exemplo)

